



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Aprendendo con de la Fuente

Unha pequena guía didáctica sobre a obra de María Victoria de la Fuente no Museo de Belas Artes da Coruña



Aprendendo con de la Fuente é unha pequena guía didáctica sobre a artista María Victoria de la Fuente Alonso e as súas obras na colección do museo de Belas Artes da Coruña. Co presente documento queremos dar unhas pinceladas sobre esta pintora e a súa traxectoria, facendo especial fincapé no bodegón, sendo un dos mais representativos da súa produción. Acompañando ao texto propónse unha serie de actividades pensadas para o alumnado de Educación Primaria e Secundaria.

Animámosvos a realizas estes exercicios e compartir con nós os vosos resultados a través do correo electrónico:

mu.belas.artes.difusion@xunta.gal.

Aprendendo con de la Fuente está escrito e deseñado polas educadoras Laura Domínguez Éstevez e Lucía Hidalgo Portomeñe para o Departamento de Didáctica do Museo de Belas Artes da Coruña.

M^a VICTORIA DE LA FUENTE NO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

A artista: María Victoria de la Fuente

María Victoria de la Fuente Alonso naceu en Vigo no 1927. O seu pai foi o recoñecido arquitecto Genaro de la Fuente, quen espertou nela unhas inquietudes artísticas sendo moi nova. Trasládouse a Madrid onde estudou co pintor Julio Moisés e aprendeu o manexo do debuxo e da cor. Á vez, acudiu de forma libre ás clases na Academia de Belas Artes de San Fernando.

En 1953 comezou a súa actividade artística participando en exposicións colectivas como a homenaxe a Vázquez Díaz e a Exposición Itinerante organizada pola Compañía Ibarra. Para enriquecer máis a súa formación, realizou viaxes por toda Europa. Visitou París onde coñeceu o cubismo de Picasso, Juan Gris e Braque; nos Países Baixos entrou en contacto coa pintura de Rembrandt e Vermeer e en Italia coa de Morandi. A súa primeira exposición individual celebrouse en 1962 no Ateneo de Madrid, e foi un punto de inflexión na súa carreira, que dende entón comezou a medrar participando e realizando un gran número de exposicións nas que recibiu premios e galardóns.

Nos seus últimos anos retirouse a unha aldea do Levante, na que seguiu producindo e expoñendo na súa cidade natal e noutras cidades de Galicia, ademais de na capital madrileña. Na súa concepción pictórica non houbo grandes cambios, o tipo de figuración con temas como as escenas de interior, as paisaxes, o **bodegón** en todas as súas variables e o retrato apenas variou, salvo en matices que incumben a valores plásticos como o tratamento da luz e da cor. Sobre os anos setenta deu un cambio de paleta máis que de estilo, abandonando os tons terra polos azuis e violetas. A obra de María Victoria de la Fuente sempre estivo marcada pola preocupación pola textura do material como elemento expresivo e pola preocupación da luz como xeradora de espazo.

A súa obra no Museo de Belas Artes de Coruña

O Museo de Belas Artes da Coruña conta con catro obras desta artista: *Bodegón* (1970), *Flores* (1975), *Sen título* (1975) e *Cesta con cogomelos* (1985). Todas elas están realizadas coa técnica de pintura ao óleo, empregando como soporte para as dúas primeiras lenzo e para as dúas últimas táboa.

Bodegón (1970)



Coñecedora das correntes artísticas do momento, nos anos sesenta e principios dos setenta, María Victoria de la Fuente toma do **informalismo** e do **expresionismo** elementos pictóricos que vai facer seus, como se pode apreciar neste bodegón no que concede un valor primordial ás calidades dos obxectos. Contrasta a concentrada escuridade da que parecen emerxer os obxectos coa luz crepuscular que se adiviña pola xanela, cunha destacada luminosidade do mantel do primeiro plano que ofrece unha intensa forza expresiva grazas ao empaste branco.

Flores (1975)



Nesta pintura de flores mostra, mediante unha sinxela composición, unha linguaxe pictórica baseada nas texturas do material e no tratamento da luz, elementos primordiais da súa pintura, plasmados cunha pincelada rápida, xunto co estudo da cor baseada nos verdes agrisados e terras con amarelos, brancos e rosas, elementos que provocan a borrosidade dos perfís.

Sen título (1975)



Consumada bodegonista, María Victoria de la Fuente converte o seu estudo de pintora nun tema recorrente na súa produción, ao longo da cal se pode apreciar a súa pausada evolución artística. Trata de imprimir nos seus interiores un clima de atemporalidade, buscando transcender o obxecto, o que levou a definila como unha pintura de realismo intimista e poético. Neste recuncho do taller aparecen as ferramentas de traballo: o bote de cristal con pinceis e o tubo de pintura ante a xanela, coa luz como elemento imprescindible para xerar o espazo e realizar a presenza dos elementos. A superficie nacarada do cadro queda bañada por unha tenue luminosidade que lle imprime unha sensación de acougo. A gama cromática e o naturalismo da representación axústanse ás características da súa produción dos anos setenta.

Cesta con cogomelos (1985)



Un tema moi representado por esta pintora ao longo da súa produción, sobre todo nos anos oitenta, é o da cesta de cogomelos, situadas tanto no campo como nun interior, sobre unha mesa. A composición do espazo pictórico de forma moi coidada, dispoñendo algúns cogomelos fóra do cesto para achegar puntos de vista diferentes, constitúe un perfecto pretexto para realizar un estudo formal e cromático de cada elemento. Nestes anos a súa paleta caracterízase pola utilización de tons múltiples dunha mesma cor, neste caso os ocre amarelos, producindo un efecto visual cheo de lirismo, complementado pola tenue luminosidade, que baña a escena e crea o espazo e a atmosfera.

O bodegón: interior e íntimo

Aínda que abordou diferentes temáticas, e imprimiu en todas elas un estilo moi persoal, a súa maior produción, e a máis íntima, atopámola nos bodegóns. O bodegón ou natureza morta é un xénero pictórico que se caracteriza pola representación de diferentes obxectos: froitas, verduras, animais de caza ou pesca, flores, vasos, pratos, libros, instrumentos...

Se ben tivo manifestacións dende a antigüidade, consolidouse como xénero no Barroco, cobrando un gran protagonismo nunha época na que a pintura tiña unha segunda lectura cun carácter moralizante. No caso dos bodegóns, ademais dos obxectos mencionados adoitaban incluír elementos como caveiras, candeas encendidas, libros abertos...diferentes motivos que mostrasen o principio e o final, en definitiva o paso do tempo. O bodegón é unha metáfora da vida; “*carpe diem*” e “*memento mori*” son dúas expresións moi asociadas a el. Nos bodegóns de María Victoria de la Fuente non atopamos referencias tan evidentes arredor desa segunda lectura, aínda que está presente a través dos cogomelos ou as flores, que co paso do tempo acabarían pudrindo.

No seu caso, os bodegóns trasládannos a espazos moi íntimos da autora. Sempre en interior, adoita ubicar os obxectos sobre unha mesa ou na repisa dunha ventá que normalmente aparece ao fondo da composición como fonte lumínica. A pintora recrea os seus espazos circundantes, estampas como poden ser a súa cociña ou o seu taller de; móstranos as súas ferramentas de traballo, un ramo de flores silvestres ou un cesto con cogomelos que ben puido ter apañado ela previamente. Aproxímanos ao seu mundo o cal transcribe sen anécdotas. Escolle os elementos precisos e, aínda creando varias composicións sobre eles, estes xamais son os mesmos, senón que varían en función do ambiente ou a luz que incide sobre eles.

ACTIVIDADE 1: PINTAR DE OÍDO


Esta primeira actividade resulta interesante para comezar a traballar sobre esta autora, servindo de exercicio introdutorio. Para presentar tanto á artista como ao xénero máis abundante da súa produción, propoñemos ler en voz alta unha descrición da súa obra *Bodegón*, mentres o alumnado vai debuxando o que escoita para crear a súa versión da peza. Ao rematar compárase o debuxo coa obra orixinal e co do resto de compañeiros e compañeiras. Recoméndase facer tres lecturas pausadas, e comezar o debuxo na segunda, unha vez teñan unha composición xeral en mente.

Esta pintura ten un formato rectangular, sendo un chisco máis ancha que alta.

Trátase dunha escena de interior, na que diferenciamos unha mesa en primeiro plano e unha parede ao fondo, na cal se abre unha fiestra cadrangular na zona esquerda, chegando a súa parte baixa á altura da mesa, a alta ata o límite superior do cadro, e a dereita ata a metade do mesmo. Non somos capaces de ver o seu límite esquerdo, xa que queda fóra de plano. A fiestra componse de catro cristais unidos por unha estrutura en forma de cruz. Aínda que os cristais son claros non vemos nada a través deles. O resto de parede está baleiro e sombrío.

Sobre a mesa exténdese un mantel branco que brilla especialmente na zona esquerda ao estar iluminado pola fiestra. Sobre el, de esquerda a dereita atopamos en primeiro plano unha sorte de cucharón; xusto detrás un bote de cristal cun ramillete de herbas con follas máis anchas na punta. Pegado a estes dous elementos temos un plato circular cheo de alimentos que semellan ser allos; e a dereita deste prato unha fonte de cristal tamén circular, chea do mesmo alimento. Entre o plato e a fonte, nun segundo plano hai unha xerra de cristal de grandes dimensións, cunha asa na zona dereita; contén un líquido avermellado que podería ser viño. O líquido chega ata o final da asa pola parte de abaixo, tendo a xarra menos da metade da súa capacidade.

Os obxectos que conforman o bodegón esténdense ao longo da mesa ocupando toda a súa superficie



ACTIVIDADE 2: AUTOBODEGÓN

Inspirándovos nos bodegóns de María Victoria de la Fuente, animámosvos a crear o voso propio. Escollede unha estancia interior na que vos sintades cómodos/-as. Sobre a mesa colocade diferentes obxectos do voso día a día que vos definan: un libro, un instrumento ou partitura, flores, alimentos... o que vos queirades. Podedes mesturar elementos tradicionais do bodegón con outros máis innovadores. Unha vez seleccionados os obxectos, create unha composición que vos guste estéticamente e sacádelle unha fotografía. A intención é crear un bodegón contemporáneo co que vos sintades identificados/-as.



ACTIVIDADE 3: XOGAR COS OBXECTOS

De novo, o bodegón é o protagonista desta actividade. Para realizar este exercicio debedes escoller imaxes coas que crear un bodegón, poden ser de revistas, xornais, panfletos publicitarios... Seleccionade varios e recortádeos. Cos recortes iredes xogando sobre diferentes fondos para os que podeades combinar dous folios de cores, creando así diferentes ambientes e efectos de profundidade. Buscade a composición dos obxectos que máis vos guste, intervide os fondos con debuxos, incluíde diferentes texturas... cando teñades o bodegón definitivo sacádelle unha fotografía.



Glosario

- **Bodegón:** Xénero pictórico protagonizado por unha composición na que se representan alimentos, utensilios de cociña, flores ou outros seres inanimados.
- **Informalismo:** Movemento artístico que apareceu en Europa tras a Segunda Guerra Mundial. A súa principal característica é o uso de materiais; o matérico e xestual, o azar e a improvisación, e unha base ideolóxica fortemente vinculada co existencialismo.
- **Expresionismo:** Movemento de vangarda xurdido en Alemaña a principios do s.XX, que se plasmou nun gran número de campos: artes plásticas, arquitectura, literatura, música, cine, teatro, danza, fotografía, etc. Caracterizouse pola representación subxectiva, distorsionada e deformada da realidade.
- ***Carpe diem:*** Expresión latina coa que se lembra aproveitar o presente ante a constancia da fugacidade do tempo.
- ***Memento mori:*** Expresión latina que significa “recorda que vas morrer” “lembra que eres mortal” para facernos reflexionar sobre a fugacidade da vida

